

As illas Columbretes desde o aire.

As illas Columbretes asoman sobre o mar a 30 millas da costa de Castellón. Naceron cando neste lugar o magma comezou a agromar das profundidades da Terra, ao fin da era Terciaria.

Catro illas aliñadas de norte a sur: l'Illa Grossa, la Ferrera, la Foradada e o carallot, cada unha rodeada dos seus illotes, conformadas desde o Cuaternario, cando o arrefriamento do clima permitiu que o magma solidificase.

As gaivotas sobrevoan as illas e a cotío aniñan nelas. Na Illa Grossa hai colonias de gaivota de Audouin, que compiten coa arxétea de patas amarelas. O alimento pode ser abondoso, pero non o é tanto o espacio nin a auga doce, que se reduce á aquela que queda acumulada en pequenas charcas e nos alxibes que usaban os fareiros, antes de que se automatizara o faro - a mediados da década de 1970 – e marcharan os únicos habitantes das illas.

Desde o aire, as Columbretes semellan peixes que asoman o lombo, ou míticos monstros cando a bruma envolve as crestas volcánicas.

A Illa Grossa, que foi a primeira en xurdir, debuxa a ce maiúscula do seu nome ; e os seus illotes, o Mascarat, a Senyoreta e o Mancolibre poñen puntos suspensivos.

A Ferrera, a Foradada e o Carallot formáronse despois, marcos abruptos no medio do mar.

Formas que logo a erosión foi arredondando. Os axentes xeolóxicos sempre xogan a crear primeiro, e a desgastar, despois.

No extremo sur da Grossa hai unha torre de sinais e un camposanto con seis tumbas, nas que quedaron familiares de fareiros.

Soterrados no extremo oposto de onde viviron, separados por catro cráteres que comunicaban coas entrañas da Terra e que agora, colmatados, conforman a carena Da illa.

Na punta norte érguese o faro, instalado nunha antiga mansión do século XIX, sobre o Mont Colobrer, de 68 metros de altura.

Outras superficies, como a do illote Mascarat, amosa as cinzas volcánicas acumuladas nas erupcións e logo solidificadas.

O arrefriamento, a auga, o vento, o sal... O tempo, ao fin, e o que dá forma a todas as cousas e sitúa cada pedra no lugar que lle corresponde, aínda que nunca será definitivo.

O que hoxe nos parecen formas estables seguen a cambiar. A oroxénese e sempre brusca e rápida. A erosión adoita ser paulatina e lenta, mais inexorable.

O arquipélago das Columbretes desaparecerá; é o seu destino desde aquel día do Terciario no que a través das fracturas da cortiza terrestre agromou a lava no medio do mar.